

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 11.00 horas do día 16 de xullo de dous mil dezanove, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Gerardo Seoane Fidalgo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do Grupo do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada do Grupo de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat
Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: Dona Begoña Álvarez Mato

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DE CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2019.

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á constitutiva da Deputación Provincial, do 28 de xuño de 2019, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si, vamos a ver. Nós estamos de acordo en que a filosofía da acta recolla cal é tamén, neste caso, o modo de sentir do presidente con respecto ao próximo mandato; falando, ademais, de cales son as súas liñas de actuación. Pero nós cremos tamén que nese mesmo sentido, recollendo ese espírito tamén debería incluír esa acta o texto da promesa ou xuramento de todos os grupos políticos, porque creo que o presidente utilizou outro tipo de xuramento; pero nós, neste caso, o Grupo Socialista, utilizou un xuramento que queremos que estea integramente recollido nesa acta.

O xuramento é, mellor dito, a promesa é: *prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as miñas obrigas de deputado provincial de Ourense con lealdade a El - Rei; comprometéndome coa rexeneración da vida política, coa distribución democrática de fondos públicos desta administración aos concellos aos que se debe e con respecto á igualdade e á xustiza social, gardando e facendo gardar a Constitución como norma*

fundamental do Estado e coa dignidade que debe distinguirme como servidor público desta provincia.

Entendemos que esa parte tamén era importante para nós e que debería estar recollida, como os demais xuramentos ou promesas nos demais grupos políticos, sen facer distincións.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 1º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#).

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a aprobación da acta de referencia, incorporando a corrección solicitada polo Grupo Socialista, sendo aprobada nestes termos e por unanimidade a acta de constitución da Corporación do día 28 de xuño de 2019.

2º.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO NO MANDATO 2019-2013

O Sr. secretario explica, en primeiro lugar, que na redacción da acta anterior non se incluíu a promesa ou xuramento dos deputados/as porque non é unha obriga legal incluílos, pero se se acorda incluílos inclúense, lembrando que a fórmula de promesa ou xuramento é a establecida legalmente, sen prexuízo de que se permita establecer adicións a esa fórmula.

A continuación dá lectura á proposta da Presidencia en canto ao réxime de sesións do Pleno.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación teñan lugar, en primeira convocatoria, o último venres de cada mes, ás 10:00 horas, no Pazo Provincial. Se coincide en festivo ou a sesión non tivese lugar por calquera outra causa, a supletoria tería lugar o luns seguinte, ou primeiro día hábil posterior, -se este fose inhábil-, á mesma

hora. O Pleno poderá modificar a data das sesións ordinarias, tralo informe da xunta de portavoces.

3º.- RÉXIME DE SESIÓN S DA XUNTA DE GOBERNO.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno se realicen con periodicidade semanal.

Corresponderalle á Presidencia fixar, mediante decreto, o día e hora en que deban realizarse as sesións ordinarias.

4º.- CREACIÓN DAS COMISIÓ NS INFORMATIVAS PERMANENTES PARA O MANDATO 2019-2013.

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear as comisións informativas permanentes que se indican a continuación:

COMISIÓ NS
1.- TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓ N PROVINCIAL
2.- ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E ECONOMÍA
3.- COOPERACIÓ N, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL
4.- RETO DEMOGRÁ FICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO
5.- TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

6.- CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

Cada comisión estará integrada por cinco (5) representantes do Grupo Popular, tres (3) representantes do Grupo Socialista, un (1) de Democracia Orensana, un (1) representante do BNG e unha (1) de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía. Será presidente nato de todas elas o presidente da Deputación, sen prexuízo da posibilidade da delegación da Presidencia, de conformidade co previsto no artigo 125.a) do ROF.

No cómputo dos cinco representantes do Grupo Popular inclúese ao presidente. No suposto en que o presidente delegase a presidencia dunha comisión noutro deputado, designarase un representante do Grupo Popular, co fin de que manteña os cinco representantes que lle corresponden en cada comisión.

Os grupos políticos designarán aos seus representantes en cada comisión, e poderán acordar a substitución destes, cando o consideren oportuno, mediante escrito que deberá dirixirse á Presidencia.

As sesións ordinarias das comisións informativas permanentes terán lugar do seguinte xeito:

- Os mércores (a partir das 17.00 horas) da semana anterior á de realización do Pleno ordinario mensual:
Transparencia e Administración Provincial.

Especial de Contas, Facenda e Economía.

Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.
- Os xoves (a partir das 17.00 horas) da semana anterior á de realización do Pleno ordinario mensual:
Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Cultura, Deportes e Mocidade.

Non obstante o anterior, e por motivos xustificados, a Presidencia poderá modificar os días e hora de realización das comisións, procurando en todo caso que teñan lugar entre o luns e o xoves da semana anterior á da sesión ordinaria do Pleno mensual.

As comisións informativas poderán realizar sesións extraordinarias ou extraordinarias e urxentes, conforme coas normas xerais de aplicación.

5º.- DESIGNACIÓN DE CARGOS E REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NOUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES PARA O MANDATO 2019-2023.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si, nós neste punto, aínda que nos vamos abster, queremos tamén mostrar o noso desacordo con dous aspectos. Un é que nos gustaría ter máis presenza, por exemplo, *bueno*, presenza, en definitiva, na Xunta Xeral de Aquaourense na que non hai representación, neste caso, de ningún representante da oposición. Por outra parte, en MEISA, nós cremos que é un organismo que está participado pola Deputación Provincial, tamén se debería traer a este organismo da administración, neste caso ao Pleno, e os grupos políticos tamén participar. Entón, tanto no caso de MEISA, que debería figurar aquí e estar dentro das competencias do Pleno, como no caso da Xunta Xeral de Aquaourense, que deberíamos estar algún dos representantes dos grupos da oposición neste organismo; pois nós consideramos que sería máis xusto actuar deste xeito. Isto lévamos a abstermos, non a votar en contra, pero son dúas puntualizacións que cremos que son relevantes.

D. José Manuel Baltar Blanco, presidente: ben, con respecto ao tema de MEISA, non é competencia deste plenario, segundo me informa o secretario xeral; xa hai días que lle evacuei esa consulta. E con relación ás outras cuestións, pois tomamos nota dese rogo, pero votamos a proposta tal e como está formulada ante o Pleno.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar aos seguintes cargos e representantes da Corporación Provincial nos organismos e entidades que se mencionan:

INORDE:

- **Presidente:** D. Rosendo Luís Fernández Fernández.
- **Un (1) deputado provincial:** D. Plácido Álvarez Dobaño.
- **Un (1) representante doutras organizacións empresariais diferentes da CEO:** D. Santiago Ferreiro Pérez, presidente da Asociación de Construtores de Ourense

Catro vogais entre persoas con recoñecida actividade empresarial ou profesional:

D. Miguel Caride Domínguez, deputado Provincial.

D. Aurelio Gómez Villar, asesor da Presidencia

D.^a Margarita Pérez Fernández (suplente: D. Gerardo Seoane Fidalgo)

D. Bernardo Varela López, deputado provincial

A deputada dona Montserrat Lama Novoa podería asistir como ouvinte sen voz nin voto.

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO:

Titular: D.^a Patricia Lamela Rodríguez, alcaldesa de Larouco.

Suplente: D. Álvaro José Fernández López, deputado provincial e alcalde da Rúa.

Titular: D. Aurentino Alonso Araújo

Suplente: D.^a Susana Rodríguez Estévez

Por determinación do artigo 8 dos estatutos do Consorcio, ademais dos dous representantes designados neste acordo, formará parte do Pleno do Consorcio a persoa titular da Presidencia ou deputado/a no/a que delegue.

XUNTA XERAL DE AQUA OURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE SA:

- **Titular:** D. Plácido Álvarez Dobaño.
- **Suplente:** D. Pablo Pérez Pérez

COMISIÓN LIQUIDADORA DE URBA OURENSE, SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL, SA:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Armando Ojea Bouzo

D.^a Montserrat Lama Novoa

D. Diego Fernández Nogueira

- **5 persoas con especial cualificación técnica a proposta da Presidencia:**

D.^a M.^a de los Ángeles Cantón Álvarez

D.^a Marta Docampo González

D.^a Antonio Carlos Sánchez Moro

D.^a Eva Reza Paz

D.^a Begoña Álvarez Matos

O deputado don Bernardo Varela López poderá asistir de ouvinte sen voz nin voto.

- **Secretario da Comisión Liquidadora a proposta da Presidencia:**

Titular: D. Francisco Cacharro Gosende.

Suplente: D. Juan Marquina Fuentes.

De conformidade co artigo 15 dos Estatutos de Urbaourense désígnase presidente da Comisión Liquidadora a don Plácido Álvarez Dobaño, e vicepresidente a don Armando Ojea Bouzo.

6º.- DELEGACIÓNS DE COMPETENCIA DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO, MANDATO 209-2023.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes competencias:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria
- b) A declaración de lesividade dos actos administrativos ditados polo presidente ou pola propia Xunta de Goberno.
- c) A concertación das operacións de tesourería a que se refire o artigo 33.2.k) da Lei de bases do réxime local.
- d) As contratacións, concesións, adquisicións e alleamento de bens e dereitos a que se refire a disposición adicional 2ª, apartados 2 de 9 da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo das previstas nos artigos 47.2.j) e m) da Lei de bases do réxime local, que seguirán sendo de competencia do Pleno.

A delegación das competencias en materia de contratación comprende tamén a da aprobación dos proxectos de obras, servizos e subministracións correspondentes, así como a realización de calquera trámite vinculado á contratación de referencia.

- e) A fixación dos prezos públicos pola prestación dos servizos de cooperación e asistencia a municipios e outras entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico, de conformidade cos criterios establecidos na Ordenanza reguladora dos ditos prezos públicos publicada no Boletín Oficial da Provincia do 18 de xuño de 2009, que abranguerá os aspectos sinalados no artigo 3.3 da dita Ordenanza.

- g) A fixación dos prezos públicos correspondentes a publicacións que edite a Deputación Provincial, de conformidade cos criterios establecidos no artigo 14 da Ordenanza provincial reguladora do servizo de publicacións, publicada no Boletín Oficial da Provincia de 19 do novembro de 2013.
- i) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados na Escola de Artes e Oficios da Deputación, conforme co establecido no artigo da súa ordenanza reguladora.
- j) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 17 da súa Ordenanza reguladora.
- k) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 30 da súa Ordenanza reguladora.
- l) A fixación dos prezos públicos polos servizos prestados pola Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no artigo 4 da súa ordenanza reguladora.
- ll) A fixación dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación, de conformidade co establecido nos artigos 2 e 3 da ordenanza reguladora destes servizos.
- m) A fixación de prezos públicos pola utilización de instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.
- n) A adopción do acordo de necesidade de ocupación nos procedementos ordinarios de expropiación forzosa, a solicitude da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación e a adopción dos acordos de aprobación inicial e definitiva dos procedementos de taxación conxunta.

O exercicio das competencias delegadas comprenderá a facultade de resolver os recursos administrativos contra os actos que se diten no exercicio das ditas delegacións.

En todo caso, a adopción de acordos pola Xunta de Goberno por delegación do Pleno requirirá a emisión previa do ditame preceptivo pola comisión informativa correspondente, salvo nos supostos de urxencia nos que se dará conta do acordo adoptado á comisión informativa na primeira sesión que esta realice.

Quedan revogados os acordos de delegación conferidos á Xunta de Goberno no mandato 2015 - 2019.

O presente acordo de delegación producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP.

7º.- MODIFICACIÓN DA BASE 67ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

O Sr. presidente anuncia que o debate deste punto será conxunto co do punto seguinte, aínda que despois se voten por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular: eu creo que, por operatividade e dado que o punto este está intimamente ligado co seguinte, non sei se aos demais grupos lle parece ben, debatelos conxuntamente, aínda que se voten por separado. Grazas.

D. Bernardo Varela López, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: como trasladamos na xunta de portavoces, a intención do Grupo do BNG era manter as dúas persoas de asesoramento das que dispuñamos e non *disfrutar*, neste caso, da dedicación exclusiva. Finalmente, ao non ser posible esta situación que, no cómputo xeral, vai supoñer unha mingua económica para o Bloque Nacionalista Galego - é dicir, vamos a ter menos partida económica para desenvolver o noso traballo - con todo, anunciamos a nosa abstención xa que isto non foi posible.

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si. Vamos a ver, nós vamos a facer unha valoración destes puntos. O primeiro, a modificación da base 67ª e tamén

do seguinte punto, no sentido de que, *bueno*, créase, neste caso, un aumento, nada máis e nada menos, que do 33%. Estamos falando unicamente do grupo, do que corresponde ao grupo de goberno; é dicir, anteriormente as retribucións brutas anuais que recibían os cargos electos do Partido Popular no anterior mandato era de 385.000€ e neste caso as retribucións brutas anuais do bipartito son de 510.000 €. Estamos falando dun incremento dun 32,46% e non estamos incluíndo sequer o que son dietas, que poderíase facer unha valoración tamén do mesmo, pero sen entrar nese debate. Hai unha cuestión tamén que é importante, agora hai tres vicepresidentes. Esa terceira vicepresidencia, loxicamente, para poder constituír ese bipartito, obviamente, que é o que mantén no poder, agora mesmo, a ambos grupos nesta corporación e tamén, como sabemos, a Democracia Orensana e a ambos grupos noutro bipartito no caso do Concello de Ourense. Claro, hai cousas que tamén chaman a atención. Chama a atención, por exemplo, a figura do coordinador de grupo. Ese coordinador de grupo que figura destinado, neste caso, a persoal técnico e que vai a ocupar, neste caso, un alcalde, un alcalde do Partido Popular, o alcalde de Cenlle en concreto. Entonces, *bueno*, pensamos que é un despropósito económico, é algo inxustificable. E nós estivemos sempre de acordo no seguinte, mantendo as contías que deberían terse mantido, sen facer aumentos para esta corporación, debería terse feito, nese caso, un reparto proporcional o ao que obtivemos nos resultados electorais de cada Grupo político. Nese reparto proporcional, nós, por exemplo, no que corresponde a persoal técnico, obviamente, saímos prexudicados porque, tendo un aumento, realmente unicamente temos media dedicación máis como compensación e mantemos os mesmos catro traballadores, os mesmos catro traballadores, que xa tiñamos no anterior mandato. *Bueno*, iso por un lado e despois, á parte, hai incluso redaccións tendenciosas que nós quixeríamos que se fixera un cambio. Falo, en concreto, na modificación da Base 67^a, no punto 5º di, literalmente, *no relativo aos cargos propios dos grupos políticos, o Grupo Popular disporá de dúas dedicacións exclusivas e entre parénteses pon: suprimíndose as dúas dedicacións parciais ao 75% do que dispuña no anterior mandato. É dicir, aumenta media dedicación, pero sen embargo a xustificación, entre paréntese, é que se suprimen. E para o Grupo Socialista, di, contará con tres dedicacións exclusivas -é dicir, aumenta media dedicación tamén-, pero dise: o que supón un incremento cuantitativo a unha dedicación, o que supón unha modificación parcial ao 50%. Claro, ao 50% tamén é no outro; aumenta un 50% para o Partido Popular, aumenta un 50% para o Partido Socialista. Non é a que a un se lle suprima e ao outro se lle incrementa.*

Entón, nós temos unha redacción alternativa, que pasarei despois, que di:

No relativo aos cargos sen competencia de goberno (que hai que distinguilo tamén) dos grupos políticos, o Grupo Popular disporá de dúas dedicacións exclusivas (no anterior mandato posuía dúas dedicacións parciais desta clase ao 75%) e o Grupo Socialista contará con 3 dedicacións exclusivas da mesma natureza (no anterior mandato contaba cunha dedicación exclusiva e dúas dedicacións parciais ao 75%).

En consecuencia, no que atinxe ás dedicacións en competencia de Goberno, ambos grupos políticos incrementan unha dedicación parcial ao 50% respecto das que tiveron durante o mandato anterior; se ben o Partido Popular minguou a súa representación, mentres que ao PSdG sucedeulle o contrario.

Iso é literalmente certo e o anterior parece tendencioso.

D. Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular: grazas, presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos acompañan ou nos están a seguir neste Pleno de organización do futuro mandato que nos vai ocupar. É pouco o que hai que dicir ao respecto do contido deste Pleno, dado que as propostas de resolución da Presidencia, perfectamente detalladas polo señor secretario xeral, están suficientemente claras; é máis, con anterioridade foron explicadas e razoadas polo señor presidente e tamén debatidas polos voceiros dos grupos que hoxe estamos aquí. Pero permítanme que, coa maior brevidade, faga as seguintes observacións. No ano 2011 estábamos no entorno dun 116% de endebedamento, hoxe a débeda é cero. E é cero porque así se comprometeu o presidente desta Deputación e os seus grupos de goberno, tanto no Plan Ourense 92, como no Plan de acción 15-19 que vén de rematar. Froito dun gran traballo, sen dúbida, e da xestión económica conseguimos tamén os maiores remanentes de tesouraría da historia desta Deputación; aí están e hai que recoñecelo. Un logro do grupo de goberno e do seu presidente que, a día de hoxe, nos permite esta proposta de gasto na política e para os políticos, e para os políticos que hoxe temos responsabilidade nesta Deputación ben como oposición, ou ben como goberno. Facemos unha aposta clara e decidida, sen ningún tipo de complexos, e facémola pola política, para que os representantes da cidadanía desta provincia fagan, precisamente iso, política e, podendo ser, política da boa. Neste mandato seguiremos con esta aposta e seguiremos, polo tanto, mantendo a asignación aos grupos e coas dietas por asistencia a

órganos colexiados e as indemnizacións por desprazamentos. Debo destacar que contamos cun quinto grupo na Corporación, non o esquezamos, cos axustes que isto implica, sen supoñer mingua de ingresos para os catro restantes, recoñézano vostedes. Non esquezamos, tamén, que estamos a facilitar que partidos cun só deputado poidan constituírse en grupo independente. O noso Regulamento interno así o permite, claro que si, pero non esquezamos tamén o que di ao respecto a Lei de administración local de Galicia en canto ao número de membros para constituír un grupo político propio. Con respecto ás dedicacións exclusivas, distinguimos claramente as de goberno -que aquí xa se citaron- que indican competencias específicas e sinaturas con responsabilidade claras e concretas e as dos grupos políticos. Se ben xa se dixo aquí, permítanme novamente que deixe ben claro o seguinte, o goberno contará con sete dedicacións, utilizando inicialmente seis. Nas dedicacións dos grupos políticos, melloran ou mantense todos; agás o PP, que baixa unha. Polo tanto, contadas as que se van a utilizar, incluídas as de goberno, no inicio do mandato o reparto resulta ser de sete para os grupos de goberno (seis de goberno e unha do PP) e cinco para os grupos da oposición (tres do PSOE, unha do Bloque Nacionalista Galego e unha de Ciudadanos). A coalición PP – Democracia Ourense non utilizará, de inicio, unha de goberno, unha do Partido Popular e unha de Democracia Ourense. Obviamente, se as sumamos todas serían dez; a mesma proporción, por facer unha comparativa, que no Concello de Ourense: goberno dez, oposición cinco. Non chegamos, polo tanto, ao límite de dezoito dedicacións exclusivas (e digo ao límite de dezoito dedicacións exclusivas) que establece a lexislación vixente para esta Corporación. Logo poreille algún exemplo onde vostedes teñen aquí un discurso e onde gobernan teñen outro. Con respecto aos asesores e persoal eventual, si chegamos ao límite de vinte e sete: catorce para os grupos políticos, trece para o goberno. Dos catorce asesores dos Grupos políticos melloran todos, como dixen anteriormente, con respecto ao mandato anterior; agás o PP que baixa un asesor, repito. No goberno, sen embargo, aumentan os asesores e propoñémolo así non por capricho, senón pola nova estrutura do Goberno provincial -goberno único- con deputados con competencias máis concretas, e moi concretas, e por suposto tendo moi en conta os retos dos Plan 72-73, que recordo, co que se presentou o señor presidente ás pasadas eleccións -o único que así o fixo- e que nos compromete a todos, a el e aos grupos que o apoiamos. Créase, é certo, unha vicepresidencia terceira co fin de mellorar o rendemento da administración provincial nun mandato no que nos marcamos retos e desafíos moi importantes para a nosa provincia. O resultado daranos ou nos quitará a razón; non nos

prexulguen de antemán. En consecuencia, comparativamente co Concello de Ourense, estamos claramente ante unha mellor situación de todos os grupos políticos, tanto en dedicacións exclusivas como en asesores e tamén en importe das súas retribucións; é dicir, se aplicáramos os criterios de distribución do Concello da cidade, saíramos todos os grupos máis prexudicados. E remato xa, señor presidente, pero antes permítame recordar que esta proposta, que hoxe presentamos neste Pleno, é froito de escoitar a todos os grupos separadamente e tamén en Xunta de Portavoces e buscando sempre o mellor para todos e sen prexudicar a ninguén. Como ben di o noso presidente, volvemos a poñer claramente en valor esta aposta pola política, de aí que esperemos que todos os grupos, con nobreza –e eu diría tamén con altura de miras-, deixando a un lado a demagoxia *facilona* nestes asuntos, o saiban valorar neste mandato que hoxe comeza polo ben que nos ocupa a todos: Ourense. Moitas grazas pola súa atención, nada máis.

D.^a Montserrat Lama Novoa, voceira de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: bos días, moitas grazas presidente. Bos días a todos os compañeiros. Simplemente dicir que, como xa trasladéi na Xunta de Portavoces, dende o Partido de Cidadáns sentímonos satisfeitos polo reparto equitativo que nos parece que se fixo por parte da Presidencia desta Deputación. Tamén agradecer esa creación do grupo propio, xa que realmente teríamos que facer un grupo mixto entre o Bloque Nacionalista Galego e nós e tívose a ben, grazas a ese Regulamento interno que ten a Deputación de Ourense, para poder facer o grupo propio. Como xa dixen noutras institucións nas que estou representada como concelleira en Xinzo, pola miña parte van ter unha marxe para poder demostrar, aínda que non me guste o pacto que vostedes teñen, van a ter esa marxe para demostrar o que vostedes din que pode saír adiante e como, xa digo, como fago noutras institucións, por exemplo no Concello de Xinzo onde apoio e apoiei á candidata Elvira Lama, socialista, e apoio esa coalición de goberno e doulle esa marxe de confianza porque creo nas persoas e creo nos equipos; non creo, neste momento, na suma de partidos. Entón, pola miña banda, simplemente dicirlles que van a ter esa marxe de confianza. No momento que teña algo que criticar, vouno a criticar. E o mesmo que dixen que me pareceu un reparto equitativo para os grupos políticos, agardo que o reparto equitativo tamén sexa para todos os concellos que conforman esta provincia. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, voceiro do Bloque Nacionalista Galego: *bueno*, pois eu, unha aclaración ao que dicía o señor vicepresidente. En realidade o Bloque tamén baixa un

técnico, como indicaba anteriormente, non soamente o PP baixa un asesor; pero iso non é o importante nin o significativo, paréceme a min. Por suposto que o Bloque vai a estar aquí a labores de oposición, pero tamén vai apoiar aquelas propostas que consideremos acaídas para a provincia, para os concellos que, ao fin, é a quen se debe esta Deputación e, por suposto, aos cidadáns aos que representamos. Indicar tamén un punto e é que, efectivamente, a Deputación reduciu a débeda ata cero; o problema é que iso veu aparelado nunha redución da poboación da provincia de Ourense nestes últimos catro anos que, redondeando, estaríamos practicamente nos 10.000 habitantes. A verdade é que iso si que creo que é un reto importante para os que aquí nos sentamos e é conseguir que esta provincia non siga a ser un deserto demográfico; conseguir que esta provincia pase a ser un espazo para vivir e para traballar onde os ourensáns pódanse sentir cómodos e non teñan que emigrar e poidan ter nenos e nenas que sería, creo, a gran revolución que agardamos para estes catro anos. Sinceramente, ou cambiamos o modelo que temos agora mesmo nesta institución ou creo que isto non vai ser posible. Agardo, como ben indicaba a compañeira, que sexa posible unha redistribución de fondos desta provincia, que sexa posible chegar a todos os concellos con criterios de igualdade e iso é o que pediría hoxe neste Pleno, que sexamos entre todos quen de traballar por esta provincia, e sobre todo polos seus cidadáns, tendo como referencia, por suposto, os concellos que son finalmente -especialmente os concellos de menos de 20.000 habitantes como ben sabemos- aos que se debe a Deputación Provincial. Nada máis, moitas grazas. Agardo que isto sexa posible.

D. José Miguel Caride Domínguez, voceiro do Grupo de Democracia Ourenzana: bos días a todos, moitísimas grazas. Eu quixera engadir unha petición á petición do voceiro do BNG e é coherencia política e identidade de discurso, aquí e nos sitios onde se goberna. Xa escoitei a palabra despropósito económico polo custe desta Corporación. Un custe que, ao parecer, se incrementa en torno ao 33-34%. Isto está dentro da *horquilla* de incrementos da inmensa maioría de concellos e institucións corporativas desta clase en Galicia e está na prensa, calquera o pode ver. Polo tanto, non estamos facenda nada que non faga a inmensa maioría dos concellos gobernados polo Partido Socialista na comunidade autónoma de Galicia. Concretamente no concello do que vostede, señor Villarino, vén - o Concello de Amoeiro - o incremento do custe é do 36%; entón, claro, eu pregúntome por qué aquí se vén a criticar un incremento de custe cando no resto practicamente de todos os concellos de toda

Galicia estamos nesa *horquilla* e nese incremento. Ademais, neste caso, fago meu o discurso do voceiro do Partido Popular porque é precisamente o que dixen no Concello de Ourense. Hai un incremento de custe, primeiro, porque hai un grupo político máis; pero tamén hai un incremento de custe porque á oposición estáselle dando máis xogo, máis recursos, a pesar de que diga vostede que non lle chega o número de persoal eventual, pero, en calquera caso, iso supón un incremento de custe, o mesmo que sucede no Concello. Non vou a estenderme, posto que está perfectamente expresado polo voceiro do Partido Popular e non quero facer duplicidades. Pero, en calquera caso, o custe desta Corporación paréceme absolutamente axeitado para os fins que ten que abordar. Axeitado para a oposición, para facer o seu traballo; incluso hai partidos, opcións cun só deputado, que disporán da dedicación exclusiva, o cal me parece absolutamente correcto. O Partido Socialista disporá de tres dedicacións exclusivas. Nós non a vamos a utilizar, témola en abstracto, pero non a podemos utilizar, somos un grupo pequeno e non temos xente para ocupala, vale?. Sonlle sincero. Faille graza, pero é que é verdade, polo tanto aforramos o custe. Despois xa falaremos, na seguinte, como un voceiro, que é voceiro aquí e voceiro no Concello, ademais de ser voceiro nas institucións, ten un compromiso de exclusividade, de traballo exclusivo aquí, e quere, ademais, que lle permitan continuar coa súa actividade docente e cobrar por elo doutra administración. Pero iso creo que é o seguinte punto e xa falaremos del.

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si. Vamos a ver, non deixa de ser paradóxico que me fale o voceiro do goberno bipartito, neste caso de Democracia Ourensana, de coherencia política. Podería ser un chiste, podería ser un chiste porque a súa coherencia política paréceme a min que non fai falta nin falar dela, da súa e nin da dos seus compañeiros. Creo que non estamos para iso hoxe e por iso palabras como demagogia e coherencia política, vámolas deixar para outro lado; porque igual poderíamos facer un discurso monográfico e un pleno absolutamente monográfico sobre o que é coherencia política. Porque, home, vamos a ver, é que ten *coña*. Vamos a ver. Dito isto, vamos a falar de varios asuntos. Houbo unha xunta de voceiros, ten razón vostede, señor Plácido, na xunta de voceiros manifestei un rogo porque non estaba de acordo, nin moito menos, co persoal político asignado. É máis, díxenlle naquel caso a Democracia Ourensana que non lle correspondía e serían eles os que tiñan que ceder, cousa que graciosamente declinaron; o cal é respectable porque cada un fai as súas cábalas, fai as súas contas e, ao facer as súas contas, tamén, obviamente, non ocupa unha dedicación exclusiva, señor Caride, porque xa a ten no

Concello de Ourense. A ver, non pode ter dúas; se puidera, estou seguro que ao mellor intentaríao, pero non é o caso. Entón, claro, a cuestión é que hai que ser realistas e demagogia é a palabra que se utiliza para iso; vostede non a pode utilizar porque xa a ten ocupada. A min pasaríame o mesmo, verdade, se tivera dedicación exclusiva no Concello de Ourense. En calquera caso, que a Deputación teña débeda cero, claro que si, é resultado dun ERE, entre outras cousas, e é resultado da falta de investimento entre outras cousas e é resultado, a fin de contas, das contas para que dean. O que eu me pregunto e se iso é política da boa, como di vostede. A política da boa, e aí coincido plenamente co voceiro do BNG, e por iso insistimos no seu momento e insistín hoxe na fórmula de xuramento, é que aquí se leve adiante, non un plan de 72-73 nin un plan con todos os setes do mundo, senón un plan único, como nós queremos que se leve adiante, como xente de Democracia Ourensana que cando estaba antes desa coherencia política que ten agora, dicía que estaría totalmente a favor. Tempo terán de demostrar se están a favor de que progrese a provincia, ou se manterán, loxicamente, un plan que antes non era seu e que agora abrazan. Polo tanto, sobre iso, non moito máis que dicir. Asesores, vinte e sete, o límite. Moi ben, paréceme ben, distribúense conforme ao que dicíamos, conforme a un criterio obxectivo. O BNG é certo que perdeu, é certo; pero que perda, neste caso, o Partido Popular é o normal porque baixou dous deputados, é o normal. Que perda e que baixe, neste caso, Democracia Ourensana, aínda que non baixou deputados, tamén é o normal, porque tamén baixou o seu resultado político. Polo tanto, nós o que pedimos é unha redistribución sen aumento. Polo tanto, reitero o que digo e, ademais, outra cousa máis, que sería unha falsidade, este aumento, co que eu non teño que ver (eu non son alcalde de Amoeiro, que eu saiba, a estas alturas), ese aumento do 36% é radicalmente falso, boten contas, boten contas; porque é moi fácil que veña un voceiro do seu partido e que diga o que queira dicir, pero non é verdade. As cousas hai que levalas á práctica con números, non se pode vir a utilizar argumentos falsos. Entón, corríxaos. Vamos a quitar o de falsos, inexactos, mal informados, desinformados, como queiramos chamarlle. Polo demais, señor Plácido, eu estou de acordo con vostede que os grupos minoritarios teñan representación e que teñan asesores, paréceme perfecto, para que poidan desenvolver o seu traballo, sen dúbida; pero estamos falando do aumento do grupo de goberno, non estamos falando polo aumento que se xera por ese concepto. O aumento de 385.000 a 510.000 é do grupo de goberno, do grupo de goberno do Partido Popular ao grupo de goberno bipartito. Nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular: grazas, señor presidente. O agradecemento do meu grupo á señora Lama Novoa - din alá pola miña terra que *onde houbo lume sempre queda brasa* - verá como nos vamos a levar ben durante este mandato, segurísimo, xa verá, porque vostede non se diferencia moito de nós, aínda que o dixera, pero non é verdade. E tamén ao señor Varela López pola súa abstención. Con respecto ao señor Villarino, home, eu diríalle que deixe falar xa de bipartito, ímoslle a demostrar que non o somos; diso teñen vostedes experiencia e malísima experiencia, vostedes e onde gobernaron, lamentablemente, porque se andaran vostedes sos non pasaba nada, o malo é que a teñen os cidadáns. Nós ímoslle a demostrar que somos un goberno único e unido, verá vostede, verao vostede, non prexulgue antes. Verao vostede. E, *bueno*, con respecto aos cálculos que vostede fai, eu xa lle dicía antes que vostedes teñen un problema sempre, e creo que vostede vén co mesmo, que é que onde gobernan teñen un discurso e onde non gobernan teñen o contrario. Entón, a credibilidade faise pequena. E eu voulle a pór un exemplo, non lle vou a pór o da Deputación da Coruña porque non nos parecemos en nada -non se pode facer demagogia, porque eu críticao e non a vou a facer eu - tampouco lle vou a poñer o de Lugo que é o exemplo máis paralelo que temos aquí na *cercanía*, ¿por que? Porque aínda non a constituíron, que o fan o próximo venres. Pero vou a pórllle o exemplo de onde vostedes co -gobernan, supoño que aí será o bipartito, supoño, na cidade de Lugo, na cidade de Lugo. Voulle a dar uns datos só e con isto remato, que eu non viñen hoxe para polemizar, non o fago nunca e hoxe menos. Mire vostede, di que incrementaron, incrementaron, en torno aos 230.000 € o custe das retribucións e asignacións (un dato que me pasan que debe de ser certo), hai 14 dedicacións exclusivas, 14, fíxese vostede -voulle a dar os datos-, 14: o PSOE 8, o BNG 5, e Cidadáns, que son o cogoberno (aí será un tripartito), repartíanse unha que lles correspondía entre os dous concelleiros. Ben, 14 coa señora presidenta. Ao PP 2, baixáronlle unha. Asesores, pois mire, o PP, con 10 concelleiros, ten 3 (mantivéronlle as mesmas que no ano 15) o PSOE con 8 ten 9; o BNG con 5, pasou de media a 5 e Cidadáns 1. Estes son datos certos, onde se diferencia e eu enténdoo así, e non é facer demagogia, o goberno e a oposición, onde hai goberno e, evidentemente aquí, de 8 concelleiros, 9 asesores, o BNG de 5 concelleiros pasa a 5 asesores cando tiña medio; pois *bueno*, eu só o digo como exemplo. Teñamos credibilidade e falemos máis ou menos, xa non digo igual, pero máis ou menos en todos os sitios. E por certo, mantemos a proposta tal e como a presentou o señor secretario xeral. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourense (2), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Dáse nova redacción á base 67ª das bases de execución do orzamento vixente no exercicio 2019, quedando redactada como segue:

Base 67ª:

A) Dietas por asistencia a órganos colexiados:

Sinálanse as seguintes indemnizacións e compensacións para os membros corporativos, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986.

Considerando que non se retribúe, agás nos casos de dedicación exclusiva ou parcial, a actividade ou dedicación dos membros corporativos, necesaria para o desempeño do seu cometido, régúlase o réxime de asistencias na seguinte forma e contía:

a.1) Por cada asistencia a sesión do Pleno: 280,00 euros, cun máximo dunha percepción por mes.

a.2) Por cada asistencia aos órganos colexiados diferentes do Pleno, 140,00 euros.

a.3) Por cada asistencia á reunión previa ás comisións informativas, que celebre cada grupo político, cun máximo dunha percepción ó mes, 140,00 euros.

B) Axudas de custo:

Por asistir a actos de xestión ou representación provincial, aboaranse os gastos xustificadas e no seu defecto, conforme a lo exposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razóns do servizo:

GRUPOS	Por aloxamento	Por manutención	Dieta Enteira
<i>Grupo I</i>	<i>92,31 €</i>	<i>48,01 €</i>	<i>140,31 €</i>
<i>Grupo II</i>	<i>59,38 €</i>	<i>33,66 €</i>	<i>93,04 €</i>
<i>Grupo III</i>	<i>44,03 €</i>	<i>25,39 €</i>	<i>69,42 €</i>

c) Subvencións aos grupos políticos na corporación:

1.- Contía e pagamento das subvencións:

De conformidade co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 13 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense, recóllese a disposición no orzamento anual dunha dotación económica que se destinará aos grupos políticos con representación na corporación provincial. Estas asignacións teñen os seguintes importes:

Un compoñente fixo: 900,00 euros mensuais a cada grupo.

Un compoñente variable: 900,00 euros mensuais por cada deputado.

As subvencións pagaranse aos grupos mensualmente, en concepto de pago a conta da xustificación total do gasto ao remate do mandato, conforme ao previsto no apartado 5.

Con independencia da subvención prevista neste apartado, os grupos terán dereito ao uso dun local no Pazo Provincial, dotado de mobiliario e enerxía eléctrica. Os restantes gastos de funcionamento, tales como material de oficina e gastos de teléfono e de correspondencia, serán de conta de cada grupo. No caso dos gastos telefónicos e de conexión a internet, de ser estes soportados pola Deputación, deducirase a súa contía nas sucesivas liquidacións mensuais da subvención ao grupo.

2. Destino da subvención aos grupos:

A subvención aos grupos políticos provinciais estará destinada exclusivamente ao financiamento dos seguintes gastos:

a) Gastos de funcionamento do grupo político. Para estes efectos, non se considerarán en ningún caso como gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos en comida e bebida

- Remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación

- Adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Para estes efectos, non terán a consideración de gastos en adquisición de activos fixos de carácter patrimonial os sinalados no artigo 108.2 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

b) As aportacións realizadas desde os grupos políticos aos partidos políticos para o financiamento dos seus gastos ordinarios de funcionamento.

3. Contabilidade das subvencións:

Cada grupo político provincial deberá levar unha contabilidade específica desta dotación. Os gastos contabilizados deberán ademais soportarse documentalmente cos seus xustificantes (facturas ordinarias ou simplificadas, e recibos nos casos en que legalmente non sexa esixible a factura) así como os extractos dos movementos bancarios correspondentes.

Tanto a contabilidade como a relación documental xustificativa deberá ser custodiada polo portavoz do grupo respectivo e posta a disposición do Pleno da Corporación cando este a requira.

4. Xustificación semestral parcial das subvencións:

Sen prexuízo da xustificación final, que se realizará ao remate de cada mandato conforme ao establecido no apartado 5 desta base, os grupos estarán obrigados a presentar unha xustificación semestral nos termos seguintes:

a) O portavoz de cada grupo provincial presentará ante a Intervención Xeral da Deputación Provincial, no mes posterior ao termo de cada semestre natural, unha xustificación dos gastos realizados no período, conforme ao modelo anexo II destas bases (en formato idéntico ou semellante a unha conta de perdas e ganancias da contabilidade levada polo grupo) así como unha copia do extracto bancario no que se reflectan todos os

movimentos da conta corrente aberta polo grupo político, relación que deberá ser asinada polo portavoz respectivo facendo constar que os devanditos pagamentos efectuáronse exclusivamente para atender gastos subvencionables.

Para a xustificación das aportacións transferidas aos partidos políticos deberá xustificarse o movemento baixo o epígrafe de “Aportación para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do partido”, debendo acompañarse escrito, asinado polo portavoz do grupo e polo responsable da xestión económico-financeira do partido político, no que se declare que a aportación realizada o foi para a colaboración nos gastos ordinarios de funcionamento do partido.

Os grupos políticos poderán designar un responsable económico do grupo distinto ao portavoz, ao que corresponderán as obrigas establecidas nesta base de execución para o portavoz. Para ser efectiva, esta designación deberá comunicarse á Intervención provincial, mediante escrito asinado polo portavoz e acompañado da acta da designación do tesoureiro do grupo, asinada por tódolos seus integrantes.

b) A fiscalización do gasto pola Intervención limitarase a comprobar que se presentou a documentación co formato establecido no apartado anterior, subscripta polo portavoz do grupo e, no seu caso, que se procedeu ao reintegro da parte non xustificada.

c) O resultado desta fiscalización limitada reflectirase nun informe da Intervención Xeral da Deputación.

d) Serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia da Deputación de Ourense os estados – resumo, a declaración das aportacións aos gastos do partidos e o informe de Intervención. A publicación realizarase polos propios servizos da Corporación.

e) No mes de xaneiro seguinte a cada anualidade xustificada, os informes da Intervención Xeral, xunto coa documentación presentada polos respectivos grupos provinciais existentes remitirase ao departamento de partidos políticos do Tribunal de Contas.

5. Xustificación final da subvención:

Sen prexuízo da obriga de xustificación parcial semestral establecida no apartado

anterior, as subvencións aos grupos entenderanse destinadas de modo indistinto á atención dos gastos subvencionables que se produzan ao longo de cada mandato, incluíndo o período en que a Corporación se atope en funcións. En consecuencia, a parte da subvención non xustificada en cada semestre continuará a disposición do grupo ata a constitución da nova Corporación.

No mes seguinte á constitución da nova Corporación, os portavoces ou responsables económicos dos grupos saíntes deberán presentar ante a Intervención provincial a xustificación final do gasto realizado no conxunto do mandato. Esa xustificación integrarase polos seguintes documentos:

a) O estado – resumo da contabilidade levada polo grupo, no que se reflecta o gasto realizado no conxunto do mandato.

b) Extracto bancario que reflecta a totalidade dos movementos da conta corrente aberta polo grupo político durante o mandato, relación que deberá ser asinada polo portavoz respectivo facendo constar que os devanditos pagamentos efectuáronse exclusivamente para atender gastos subvencionables.

Para a xustificación das aportacións transferidas aos partidos políticos será de aplicación o previsto no apartado 4.a) desta base. En todo caso, non será necesario achegar coa xustificación final o documento asinado polo portavoz e o responsable económico do partido referido ás transferencias que xa fosen xustificadas a través das xustificacións parciais semestrais.

b) A Intervención provincial efectuará a fiscalización desta xustificación final, nos mesmos termos que nas xustificacións parciais, e elevará proposta de resolución á Presidencia nos seguintes termos:

1) No caso de que se considere totalmente xustificada a subvención, propondrá a súa declaración como xustificada.

2) No caso de que non se considere totalmente xustificada, propondrá a declaración da súa xustificación parcial e a orde de reintegro das cantidades que correspondan, máis os xuros legais aplicables.

A Presidencia ditará resolución conforme á proposta de Intervención, agás que considere que esta infrinxe o ordenamento xurídico, en cuxo caso poderá apartarse de forma motivada da proposta, previos os informes que considere oportunos.

A resolución da Presidencia publicárase no Portal de Transparencia da Deputación, en unión dos informes de Intervención e da documentación presentada polos grupos (excluídos os extractos bancarios, que non serán obxecto de publicación), e remitirase con copia desa mesma documentación ao tribunal de Contas, a efectos informativos. Igualmente, será notificada aos portavoces dos grupos, que poderán exercer as accións administrativas e legais previstas no ordenamento xurídico.

En todo caso, a orde de reintegro terá carácter inmediatamente executivo, debendo efectuarse o ingreso nos prazos previstos na lexislación tributaria para a notificación das débedas de Dereito público. En caso de impago, a Deputación fará efectivo o dereito de reintegro mediante os procedementos de recadación executiva.

6. Responsabilidade subsidiaria dos integrantes dos grupos políticos provinciais:

Os membros do grupo provincial serán subsidiariamente responsables (e solidariamente entre si) das débedas do grupo coa Deputación Provincial.

D) Persoal eventual ao servizo dos grupos políticos:

A Deputación Provincial porá a disposición dos grupos políticos medios persoais para a realización de funcións de apoio, de confianza política e asesoramento especial, de conformidade coas seguintes regras:

- A Deputación Provincial procederá á designación do dito persoal en réxime de persoal eventual, conforme co disposto no artigo 104 da Lei de bases de réxime local. O nomeamento será efectuado pola Presidencia a proposta dos grupos políticos, subscrita polo portavoz de cada grupo. A dita proposta terá carácter vinculante para a Presidencia, excepto no suposto en que recaia nunha persoa na que concorra calquera causa legal que impida o seu nomeamento.

- O cese dos funcionarios eventuais será automático coa conclusión do mandato. Así mesmo a Presidencia poderá acordar o seu cese en calquera momento previa proposta do grupo político correspondente, que terá carácter vinculante.

- Os postos de persoal eventual ao servizo dos grupos políticos recolleranse na Relación de Postos de Traballo e no Anexo de Persoal dos Orzamentos, coas características seguintes:

Os postos de coordinador de grupo existirán unicamente no Grupo Popular e no Grupo Socialista, en atención á súa maior dimensión. A efectos retributivos, asimílanse ao subgrupo A1, cunha retribución bruta anual de 43.005,41 euros.

Os postos de asesor técnico se asimilarán ao subgrupo A2, cunha retribución bruta anual de 39.943,50 euros.

Os postos de administrativo se asimilarán ao subgrupo C2, cunha retribución bruta anual de 29.915,48 euros.

O Grupo Popular disporá dun coordinador de grupo, dous asesores técnicos e tres administrativos.

O Grupo Socialista disporá dun coordinador de grupo, un asesor técnico e dous administrativos.

O Grupo de Democracia Ourensana disporá dun asesor técnico e un administrativo.

O Grupo do BNG dun administrativo.

O Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía disporá dun administrativo.

Os grupos políticos poderán propoñer que os postos de persoal eventual ao seu servizo se desempeñen en réxime de dedicación a tempo parcial, en cuxo caso a súa retribución reducirase proporcionalmente. Non obstante, esta redución non dará dereito ao nomeamento de persoal eventual adicional nin ao incremento da subvención nin dos cargos do grupo en réxime de dedicación.

e) Dedicacións exclusivas:

Desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

e.1) A Presidencia da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual de 5.166,09 € en 14 pagas.

e.2) A Vicepresidencia 2ª e 3ª da Deputación Provincial, con retribución íntegra mensual equivalente á dun director xeral da Comunidade Autónoma.

e.3) A Presidencia do INORDE, con retribución íntegra mensual de 3.916,92 euros.

e.4) Ata un máximo de tres cargos de deputado – delegado de área, a determinar pola Presidencia (sempre que teñan delegada a facultade de ditar actos administrativos con efectos fronte a terceiros) cunha retribución bruta anual de 48.000 euros.

As retribucións correspondentes aos cargos sinalados serán en todo caso renunciabes por parte dos seus titulares. Os cargos en réxime de dedicación exclusiva que non perciban retribucións neste concepto terán dereito ao cobro das axudas de custo e indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados da entidade á que, en cada caso, presente servizo.

e.5) Poderán exercerse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, nos termos previstos na presente base, os cargos de portavoz ou outros cargos internos que poidan establecer os grupos políticos. Para estes efectos, e dentro dos límites máximos sinalados nesta base, os grupos políticos, mediante escrito asinado polo seu portavoz titular, determinarán os cargos con dereito a retribución e nomearán ás persoas que os desempeñarán. Para a súa eficacia, os acordos dos grupos deberán ser ratificados por resolución da Presidencia, que unicamente poderá denegar a ratificación no caso de que o acordo do grupo político infrinxa as presentes bases ou non se axuste a Dereito. A resolución da Presidencia deberá ditarse e notificarse ao grupo no prazo máximo dun día hábil dende que o escrito do grupo tivese entrada no rexistro xeral da Deputación, entendéndose outorgada por silencio administrativo en caso contrario, conforme ás normas xerais en materia de procedemento.

Os grupos políticos definirán de xeito discrecional os cargos con réxime de dedicación exclusiva ou parcial, podendo asignala tanto ao portavoz titular como aos seus suplentes ou adxuntos, e tanto aos cargos con funcións de coordinación xeral como a cargos de apoio ao coordinador xeral ou de coordinación ou responsabilidade en materias ou asuntos concretos.

Os límites aplicables son os seguintes:

- Grupo Popular: 2 dedicacións exclusivas.*
- Grupo Socialista: 3 dedicacións exclusivas*
- Grupo de Democracia Ourensana: 1 dedicación exclusiva*
- Grupo do BNG: 1 dedicación exclusva*
- Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía: 1 dedicación exclusiva.*

Cada cargo en réxime de dedicación exclusiva terá unha retribución de 41.000 euros brutos anuais. Os grupos poderán acordar o exercicio de todos ou algúns dos seus cargos en réxime de dedicación parcial, incrementando o número de cargos con dedicación sempre que se respecte a súa equivalencia económica co límite das dedicacións exclusivas de que

dispoñen. Os cargos en réxime de dedicación parcial terán a retribución que proporcionalmente lles corresponda.

f) Retencións polo I.R.P.F.:

A retención a practicar polo I.R.P.F. por asistencias a órganos colexiados, será o resultado de aplicar ás retribucións percibidas o tipo fixado na táboa xeral, tendo en conta a situación familiar existente o primeiro día do período impositivo, porcentaxe que non poderá ser inferior ao 15 por cento. Calcúlase a contía das devanditas retribucións elevando ao ano a percibida o primeiro mes do ano natural, cantidade que se presume non inferior á percibida polo mesmo concepto durante o ano anterior.

2º) Ao abeiro do establecido no artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o presente acordo, unha vez aprobado definitivamente e publicado no Boletín Oficial da Provincia, terá efectos dende o día 17 de xullo de 2019. No caso dos nomeamentos de cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, a súa eficacia producirase dende a data do correspondente nomeamento, en caso de que este fose posterior ao 17 de xullo.

3º) O presente acordo someterase a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorrido o dito prazo sen que se formularan alegacións o acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da base modificada no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no artigo 75 da Lei de bases do réxime local. No caso de formularse alegacións estas serán resoltas polo Pleno.

8º.- MODIFICACIÓN 1/2019 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DPO EN MATARIA DE PERSOAL EVENTUAL DO GABINETE DA PRESIDENCIA E DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

Na Área de Presidencia, modifícanse a determinación 2ª e 3ª no relativo ao persoal eventual, quedando establecidos os postos do dito persoal nos seguintes termos:

2º) Gabinete de Presidencia:

1 Xefe/a do Gabinete da Presidencia, *Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 47.720,16 €. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

1 Asesor/a Técnico/a da Presidencia *Persoal Eventual asimilado ó Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 70.376,14 euros. Posto singularizado. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

1 Asesor/a de Comunicación da Presidencia, *Persoal Eventual asimilado ó Grupo A1. Nivel 26. Retribución bruta anual: 48.497,82 euros. Posto singularizado. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

1 Asesor/a de Proxectos Estratégicos da Presidencia, *Persoal Eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 43.005,91 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

4 Asesor/a de Presidencia. *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 22. Retribución bruta anual: 39.970,12 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

5 Administrativos de Presidencia: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

3º) Persoal ó servizo dos grupos políticos:

Grupo Popular:

1 Coordinador de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 43.005,41 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2 Asesores Políticos de Grupo: *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

3 Administrativos de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

Grupo do PSdG-PSOE:

1 Coordinador de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 43.005,41 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

1 Asesor Político de Grupo: *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2 Administrativos de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

Grupo de Democracia Ourensana:

1 Asesor Político de Grupo: *Persoal eventual, asimilado ó grupo A2. Nivel 24. Retribución bruta anual: 39.943,50 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

1 Administrativo de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

Grupo do BNG

1 Administrativo de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía:

1 Administrativo de Grupo Político: *Persoal eventual, asimilado ó grupo C1. Nivel 19. Retribución bruta anual: 29.915,48 euros. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.*

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor, con efectos do 17 de xullo de 2019.

9º.- AUTORIZACIÓN AO DEPUTADO DON RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO DE COMPATIBILIDADE.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Novoa, voceira de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:
eu simplemente quero aproveitar para responderlle ao meu benquerido amigo, Plácido; dende logo non son diferenzas con vostede as que tiven, nin con moitos compañeiros que están sentados en fronte, a moitos dos cales considero amigos. Por un lado está a política e por outro lado están os amigos. O que si quero que quede constancia é que as cousas que dixen no pasado si que son certas e non foron con vostedes, senón con outras persoas, ex políticos, e ex alcaldes, que as políticas do seu partido mantiveron e manteñen na sombra. Así teñen o concello de Xinzo e así se perdeu a maioría no Concello de Xinzo. Dende logo repetir que primeiro están as persoas, por encima de todo están as persoas, os amigos; considero que teño moitos amigos en todas as bancadas, a maioría na do Partido Popular onde eu estiven fai uns

meses, pero recalco, as miñas diferenzas creo que todo o mundo sabe as que foron e aínda seguen aí. Nada máis, moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si. Eu primeiro, non sei se nesta votación podo participar? Entendo que teño que absterme. E se para xustificar, digamos, neste caso a solicitude podo participar ou tampouco debo? Iso é o que non sei

Sr. presidente: dende o momento en que presentou o escrito pode argumentalo, pero outra cousa é votar.

Sr. secretario: e por facer unha aclaración por se alguén lle sorprende. O Regulamento de organización e funcionamento do réxime xurídico (nunha norma que eu considero que está obsoleta e deben entender tacitamente derogada) chega a dicir que os interesados, nestes casos, deben incluso ausentarse das sesións. A min paréceme, sempre me pareceu, unha norma absolutamente excesiva e *trasnochada*; primeiro, porque non creo que a presenza do deputado provincial condicione ou coaccione aquí o voto de ninguén. Aquí, o criterio nesta Deputación foi sempre non esixir -criterio que mantén o Pleno-, por iso quero dicilo expresamente, non esixir iso que, insisto, semella unha norma do ano 1986 que está, hoxe por hoxe, obsoleta en canto a non permitir a presenza do interesado. E máis unha cuestión discriminatoria de calquera interesado, se é que estivera, non sei, nun grupo de expropiados ou de contribuíntes podería estar, obviamente, presenciando o Pleno, non sei por qué un deputado vai ter menos dereitos que o resto dos cidadáns. Por tanto, eu entendo que pode estar no Pleno e que incluso pode facer algunha intervención, o que non poderá é votar para non condicionar a decisión da Corporación.

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: moitas grazas, agradezo a aclaración, e ademais paréceme xenerosa a opción de non ter que abandonar, neste caso, o salón de Plenos. Eu simplemente quero dicir que se fai esta solicitude sobre a base dunha posibilidade real e legal, que existe, que di que sempre que sexa unha dedicación a tempo parcial no ámbito da docencia é posible e compatible realizalo en consonancia cunha dedicación exclusiva noutra Administración pública. O porqué o fago, pois obviamente é por dous motivos. Un motivo porque creo que é importante na miña condición de profesor asociado de trasladar á Universidade o que é o coñecemento da vida real, que é o que fai un profesor asociado e mantendo un vínculo coa Universidade que é, digamos, a base real de

toda a miña formación e entendendo que é proveitoso para a sociedade e que para min mesmo considero que é xusto. Non o fago con outra pretensión e ese é o motivo porque faga a solicitude, nin máis nin menos. En todo caso, trátase dunha dedicación de moi pouquiño tempo, apenas unhas horas pola tarde que non lle restan, entendo que non lle vai a restar nada á miña dedicación, como así levo facendo estes anos mentres estiven noutra administración pública, rexéndoa nese caso. Nada máis. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, voceiro do Grupo de Democracia Ourenzana: vale, grazas. Ben, non vou a discutir as cuestións de fondo, señor Villarino, pero si a forma porque vostede, que ten unha certa *inquina* con Democracia Ourenzana e que nos leva dando leccións de ética dende o día 15 de xuño, o que si lle quero dicir é que a min resúltame certamente curioso que o primeiro escrito que entra nesta Corporación do Partido Socialista, neste mandato, é a súa petición de compatibilidade. Segundo lugar, cando aínda non sabemos se vostede, porque oficialmente non sabemos, se vostede vai a ter a dedicación exclusiva, vostede acaba de votar agora en contra do réxime de dedicacións. Polo tanto, ese réxime, que voto eu aquí?, porque non sabemos. Vostede está en contra do réxime de dedicacións que aquí se acaban de expoñer. Sen embargo vostede, polo que se deduce deste escrito, pretende ser o deputado con dedicación exclusiva aquí; extremo que, nestes momentos, aínda descoñecemos. Vostede foi candidato ao Concello de Ourense polo seu partido e é voceiro no Concello de Ourense e supoñíamos que a dedicación exclusiva onde a debería obter era no Concello de Ourense; pero non, pídeas aquí na Deputación e non sei se será porque aquí se cobra máis que no Concello de Ourense. Dende logo, aquí, vostede vai a cobrar 41.000 €. Vostede non tiña necesidade de vir a facer este trámite. Vostede podía perfectamente obter unha dedicación parcial, ao 50 ou ao 75%, e dedicar o resto do tempo á súa actividade docente. Vostede ten un compromiso con esta Corporación de dedicación exclusiva, iso é polo que se lle van a pagar os 41.000 € anuais brutos, por dedicación exclusiva. Hai outros profesionais que queren compartir a súa outra actividade, ben privada ou ben docente, e teñen a opción de facer unha dedicación parcial. Eu voulle a votar a favor porque é unha opción legal que vostede ten; pero lle vou a pedir que no sucesivo se absteña de dicirme cousas como as que me acaba de dicir fai un rato, que é unha broma falar de coherencia política. Aquí, no anterior mandato, agora non lembro exactamente se foi neste ou no pasado, o seu grupo votou en contra dunha petición idéntica á de vostede cun funcionario de carreira, que eses si non

teñen máis opción que pedilo porque son xente que teñen unha obrigaón de prestar o 100% do seu servizo á Administración e que non poden compatibilizar, se non hai unha autorización, coa docencia. Ademais, o das compatibilidades, dende un punto de vista xurídico, é un tema polémico. Polémico, tanto na doutrina como na ética política; é dicir, a capacidade de cobrar de dúas administracións públicas. Eu entendo que, perfecto, está vostede no seu pleno dereito, levar a súa experiencia política ao ámbito da docencia; pero hai fórmulas e fórmulas políticas. Por iso lle vou a votar a favor; pero, *oiga*, acaba de facer vostede unha contradición enorme, acaba de votar en contra do réxime de dedicacións. Non sabemos aínda se vostede ía ser ou non o deputado coa dedicación e antes de nada xa está pedindo a dedicación, *oiga!* Falaba vostede de botar a conta. Podemos botar a conta. Podemos votar a conta, señor Villarino. Vostede vai a cobrar 41.000€ brutos, aquí, ao ano, na Deputación Provincial; vai cobrar as indemnizacións que lle correspondan no Concello por ir aos Plenos. É dicir, vostede vai a ter uns ingresos, que non sei se o seu grupo sabe... Eu non sei o que vai cobrar na Universidade, pero é que, posiblemente, vai ser vostede un dos políticos mellor pagados desta provincia de Ourense, por riba do presidente da Deputación e por riba do alcalde de Ourense, sumando todas esas retribucións. Dá a sensación de que vostede vén á política por diñeiro; é que vamos, outra cousa non se explica! E perdoe que me poña así porque o que eu non vou aceptar é que me estea dando leccións, ou que me dixera aquí, cando se constituíu este Pleno, que non tiña... que era o pacto da vergoña, que tiña que mirar para abaixo... A min paréceme que esta petición que fai vostede vouna cualificar, e perdóme vostede, como a dedicación da vergoña; porque vostede non tiña por que facer iso. Vostede pide unha dedicación parcial, ao 75%, e compatibiliza perfectamente coa súa actividade docente. Eu nunca, é dicir, eu terei cometido erros na miña vida, pública e privada, seguramente, e moitos, e vostede botoumos en cara; pero seguramente este erro nunca o cometería porque a min caeríame a cara de vergoña despois dos ingresos que estou tendo, aínda vir aquí e pedir a dedicación para continuar na Universidade. Eu teño feito moitas colaboracións con universidades e con entidades de todo tipo sen cobrar, porque o que vostede está pedindo aquí é que se lle permita que sexa retribuído ese traballo. Vostede pode levar a súa experiencia á Universidade, a foros, a cursos e pode renunciar a cobrar. Agora ben, vostede é o que decide o que pide e o que deixa de pedir; está no seu dereito, é a súa decisión ética e política. E eu, como é un dereito que está na lei, vouto a votar que si; pero, por favor,

non me volva a dicir nin *mu* respecto de que si non temos nós ética política e nos acuse de nada, porque o que acaba de facer vostede aquí, para min, é vergoñento.

D. Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular: grazas, presidente. Moi pouco que dicir, o señor Caride explanouse e feitas as contas, que non dubido que as fixera ben, evidentemente, señor Villarino, vai ser vostede un dos políticos mellor pagados de Galicia; senón o mellor. En todo caso, eu felicítoo por iso, eu felicítoo. Agora, outra cousa é de onde vai sacar vostede o tempo que espero, eu supóñolle capacidade de traballo enorme, porque líder aquí do seu grupo, líder, aquí, un pouquiño máis alá, da cidade con todos os problemas que vostedes din que ten e profesor na Universidade e os cargos orgánicos que no partido supoño que lle ocuparán tempo, aínda que é un tema particular seu... Pois xa digo, como din alá no meu pobo, vai ter que atar as zapatillas para chegar a todo; pero *bueno*, ben retribuído vai a estar escoitadas as contas do señor Caride. Adiantolle tamén que vamos a votar e favor, claro que vamos a votar a favor, e non antes lembrarlle (señor Gómez Pérez non se me poña nervioso que vostede é así impulsivo), non antes lembrarlle que vostedes –e vostede propúxoo- votaron en contra no ano 13, en outubro do ano 13, de recoñecerlle á nosa interventora –a de todos-, de recoñecerlle algo similar. Prediquemos co exemplo. Moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, voceiro do Grupo Socialista: si. *Bueno*, isto pensei que era unha cuestión de trámite; pero vexo que non. Vexo que non e como non é unha cuestión de trámite eu voules a facer unha pequena petición, tanto ao señor, neste caso representante do goberno bipartito e de Democracia Ourensana como, neste caso, ao voceiro representante do goberno bipartito polo Partido Popular de que cando boten as contas do que eu vou a cobrar as publiquen e despois desmintan oficialmente todo o que acaban de dicir por falso, por falso; directamente por falso. Non vou a cobrar, nin por asomo o mesmo que o presidente da Deputación provincial nin que a moita máis xente, sabe por que? Porque as contas non son esas. Non se pode falar de oído. Eu preguntome como realmente se pode falar así, sen ningún tipo de criterio, dicir calquera cousa, soltala nun ámbito público e gravalo ante a televisión e despois pretender quedar como persoas honestas. Señores, sumen e despois fagan contas porque en ningún caso e así e pídolles, simplemente lles pido iso, que queda gravado e hai vídeo acta, comprobadas as retribucións que vou a ter quero que despois se desminta oficialmente e que ambos os dous recoñezan o seu erro cando comparan o meu

salario co do presidente da Deputación, ou co doutros organismos, e que digan que son o político mellor pagado de Galicia. Tan pronto o desmintan, entón, a partires de ese momento empezaremos a falar en serio neste Pleno; mentres, dedicarémonos á demagogia, a ter falta de criterio, a faltarlle á xente, a faltar á verdade. Ademais, de todo o anterior que din, que eu lle teño particular *inquina* a Democracia Ourenzana. Non home non! Se lle tivera *inquina*, diría máis cousas que, de momento, aínda non vou a dicir pero que, chegado o momento, si o farei. Ademais, eu, vamos a votar en contra das dedicacións? Claro que si, porque non estamos de acordo con elas, non quere dicir que non as queiramos ter. Os argumentos son eses. Vostede dedícase á avogacía ou a que se dedica? Porque eu teño serias dúbidas de que lle queden moitos clientes despois de escoitar as súas intervencións. Iso por un lado, e coherencia política non ma pidan, por favor, vostede non, vostede non me pida coherencia política. E o máis importante en todo isto, un pode dar clase gratis, non de modo oficial, claro que si, vostede non a deu de modo oficial entón pódeno invitar nun momento puntual; incluso pode ser un profesor invitado, que é unha figura oficial que existe, pero o ámbito da Universidade non é o seu ámbito polo que vexo. Entón, a Universidade funciona cuns criterios e cuns parámetros. Como dedico eu o meu tempo, señor Dobaño, pois *bueno*, é cuestión miña. Tamén ten vostede que saber que é cuestión miña, non súa; só faltaría que me ordenasen o meu tempo. En calquera caso, o que eu fago fágoo sempre de xeito aberto, con honestidade e legal e sen contradicirme. Vostede dixo que, no anterior mandato, este Grupo..., *bueno*, deste Grupo só quedan dúas persoas, non sei naquel momento cal foi o criterio e falamos dunha persoa, dun traballador. Non sei, non o podo discutir; pero si vou dicir unha cousa, sabe por que se trae hoxe este punto? Voulo a explicar agora mesmo. Tráese agora este punto porque as renovacións dos profesores asociados fanse no mes de setembro. A miña renovación está pendente dunha concesión, neste caso dunha compatibilidade que non se pode facer noutro momento. Se houbera outro momento, pediríámolo noutro momento, entende? Non o puider facer antes porque non era membro desta Corporación; non se pode facer despois porque, que eu saiba, non vai haber Plenos en agosto. A vostede pareceralle mal e eu, ao mellor, pois *bueno* podería pedilo noutro momento; pero fale vostede coa Universidade e pónase de acordo con eles e dígalle vostede cando lle apetece que se faga. Non é o primeiro punto, tampouco, que traemos aquí, pero dende logo é un punto necesario se aspiro a ter esa compatibilidade que é... pois, mire, eu levo moitos anos de profesor; eu fixen a miña tese de doutoramento, eu teño as miñas inquedanzas no ámbito universitario e transmítole ao

alumnado todas aquelas cousas que creo que son boas para cambiar esta sociedade. Dou clase de avaliación de programas sociais e a avaliación non pasaría moitos filtros das Administracións públicas, se se fixera cos criterios que facemos nós na Universidade. Eu pretendía levar eses mesmos criterios á vida pública, pero vostede impediuno (vostede con outra xente) e fáleme de demagogia e fáleme de que eu non podo dicirlle a vostede qué; pero, quen é vostede para prohibirme falar? Vostede debería prohibirme que lle falte ao respecto, cousa que non fago. Non lle falto ao respecto, simplemente describo realidades e fago as cousas cando estou obrigado a facelas porque as institucións pídenmo, non é por outro motivo. E simplemente lembrarlle aos dous que, tan pronto fagan esas contas, na seguinte sesión plenaria pidan desculpas publicamente por mentir. Nada máis.

D. José Miguel Caride Domínguez, voceiro do Grupo de Democracia Ourensana: si, vamos a ver. Primeiro, invocando á miña profesión de xurista, nós falamos dunha cousa que é a manifestación de parte; non conduce a nada, a manifestación de parte ten que vir acompañada dunha carga de proba e dunha proba. Di vostede, xa é a segunda vez que di neste Plenario, que isto é mentira que tal, que cal, que minte..., pero vamos a ver! É dicir, eu tamén podo dicir, como declaración de parte, o que me dea a gana; as cousas hai que probalas. Mire, os 41.000 € brutos anuais, 41.000 e pico están publicados na páxina web desta Deputación. Tamén está publicado na páxina web do Concello de Ourense o que se cobra por asistencia a Pleno, que son 480 €, máis o que se cobra por asistencia ás Comisións, 140-150€, ao final de mes xa sabemos que hai un montón de comisións. Un concelleiro que cobra indemnizacións, no Concello de Ourense, por asistencia a Plenos e a Comisións vén tendo uns ingresos, en torno, a uns 1.000-1.200 € ao mes que hai que sumalos aos 41.000€ que ten. Estamos xa na cifra, isto hai que multiplicalo por 12 meses, os 1.200€, estamos falando de 12.000€ máis. Polo tanto, se vamos de 41 e sumámoslle 12.000, estamos en 53.000€. Non sei o que cobra na Universidade, pero seguramente máis de 1.000 €, ou en torno aos 1.000 € cobrará, 800 €, non o sei. En calquera caso, en calquera caso, é unha cuestión de vostede. O único que lle digo, a cuestión da compatibilidade di que a ten que resolver agora; non tiña que resolvela recorrendo, nestes momentos, á dedicación exclusiva aquí. Podía ter unha dedicación exclusiva parcial, ao 75%. É dicir, é unha opinión miña persoal, vale, de acordo. Seguramente non son ninguén para dicir que non fale. Pero, da mesma maneira que vostede fala de min e saca conclusións, xa lle dixen o outro día no Pleno do Concello, aínda non empezamos a

governar e xa nos estaban acusando por calquera cousa. Eu o primeiro documento que vexo que entra do Partido Socialista nesta Corporación é unha... *bueno*, estamos no Pleno de organización, señor Villarino, hai que poñer en marcha as cousas. Entón, a vostede preocúpalle enormemente a súa situación persoal e, ao mesmo Pleno de organización, trae unha cuestión persoal. Vale, de acordo, a min non me parece ben, sinceramente, e haberá xente que, como aquí cada quen opina o que queira e é libre de opinar, que lle parecerá ben e que lle parecerá mal. A min, sinceramente, non me parece ben; porque a vostede gústalle moito ver os erros dos demais e os propios non. *Bueno*, si, non se sorprenda, vale, perfecto. Para min, para ao noso grupo entendemos que é unha petición excesiva; sobre todo pola coherencia do seu propio grupo que, como ben di o señor Plácido, a interventora no seu momento –que é unha funcionaria pública- negóuselle exactamente o mesmo. *Bueno*, haberá unha razón, pois que a explique; cada cal terá as súas razóns...non, non, non é así! A ver, é dicir, nas cuestións hai que ter un pouco de coherencia. Xa lle estamos dicindo que vamos a votar que si, agora que mostrar o noso malestar, a nosa desconformidade coa súa forma de proceder. E despois o que máis graza me fai, señor Villarino, é que diga: *pensei que isto era unha cuestión de trámite*. Vostede chega ao Concello de Ourense, temos un montón de cuestións de trámite, e aproveita calquera moción de trámite para botarnos enriba e falar do pacto da vergoña, unha e outra vez, e agora chega e pide vostede que lle dean a compatibilidade para cobrar dous soldos de administracións públicas e di que é unha cuestión de trámite. *Bueno*, pois mire, é a importancia que vostede lle dá, é o baremo que ten vostede para medir os seus principios. Ah, que me dean unha compatibilidade para cobrar de dúas administracións, é unha cuestión de trámite! *Bueno*, pois para vostede é unha cuestión de trámite, para nós é unha cuestión que di moito de cal é a súa preferencia na orde de prioridades. *Bueno*, pois será unha cuestión de trámite; para nós non o é. Dito o cal, non vou a seguir polemizando, porque xa lle dixen que vamos a votar a favor porque vostede saberá o que hai. Pero *bueno*, quería dicirllo porque tamén teño dereito eu a replicar e a contestar e non tragar sempre con que eu non teño criterio. Vamos, e despois di que me respecta, non creo que sexa moi respectuoso dicir que me estou quedando sen clientes no despacho, vamos; e vostede que sabe?, e vostede que sabe? Ese é o problema, o que diferenza a vostede dun bo e dun mal político son dúas cousas. Non saber establecer a orde de prioridades, di que isto é unha cuestión de trámite; e segundo, meterse nos asuntos con falta de información, que é o

que lle vén pasando nas últimas datas aquí. Entón, como non manexe mellor a información, penso que o seu papel como voceiro, aquí e no Concello, vai ser bastante frouxo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, voceiro do Grupo Popular: grazas, presidente. Brevemente. Señor Villarino, eu para nada lle fillen as contas. Fíxenme eco dunhas contas que deu o señor Caride que, en todo caso, non dubido do que dixo, non o dubido; en todo caso, eu non as fixen. É certo que aquí se ten dedicación exclusiva.. (señor Gómez Pérez, se vostede e eu levámonos ben, non interrompa, vamos a ser educados dende o primeiro día, vamos a ser educados dende o primeiro día. Tranquilícese! Antes, cando estaba naquela bancada, estana máis sosegado) ben, continúo (e volta! Podo seguir, señor Gómez Pérez? Así me gusta). *Bueno*, pois quero dicirlle, señor Villarino, que eu as contas escoiteinas do señor Caride. En todo caso, en todo caso, os 41.000 €, case 42.000 €, se ten dedicación exclusiva aquí, acabamos de aprobalos co seu voto en contra. Está claro, co seu voto en contra. As contas que fixo o señor Caride do Concello parece ser, polo que vexo nos medios de comunicación, din que por aí andan. O que cobra na Universidade, nin o sei nin me importa, será o que lle corresponda. En resumo, terá vostede as retribucións e os ingresos que teña, e paréceme ben. Eu simplemente fixen un comentario irónico de que atara as zapatillas porque lle van facer falta moitas horas para atender todos os frontes que ten, e algúns *fastidiados*, por non utilizar outra fracesiña, *fastidiados*, *fastidiados*. Dispor do seu tempo. Por Dios! Eu non cuestiono onde vostede utiliza o seu tempo; nin vostede o meu, seguro que non. Utilíceo vostede onde poida o u onde queira, persoalmente, familiarmente, politicamente e profesionalmente. Como vostede queira e onde queira. Eu sonlle unha persoa moi respectuosa e non vai ser vostede a excepción. E con respecto ao tan traído tema da señora interventora. Pois mire, señor Gómez Pérez xa que está vostede tan locuaz hoxe, a súa intervención no ano 13 foi especialmente pequena e di: *este suposto de compatibilidade é unha excepción dentro da lei e, polo tanto, debe xustificarse por parte da Deputación como interese público. O Grupo Socialista non ten datos, polo tanto votamos en contra*. O seu argumento, nin máis nin menos. O interese público do señor Villarino seguro que o ten claro. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (24 votos, xa que neste punto non votou o deputado don Rafael Rodríguez Villarino), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Autorizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino a compatibilidade do seu cargo de deputado en réxime de dedicación exclusiva co desempeño do posto de profesor asociado T3-P4 na Universidade de Vigo.

A dita autorización queda en todo caso suxeita ao cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 da Lei de incompatibilidades.

10º.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS PORTAVOCES .-

Dáse conta da constitución dos grupos políticos da Corporación e da designación dos seus portavoces, para o mandato 2019-2023, co seguinte contido:

GRUPO POPULAR: integrado por doce (12) deputados/as do Partido Popular, que designan voceiro a don Plácido Álvarez Dobaño, e como suplentes a don César Manuel Fernández Gil e don Pablo Pérez Pérez.

GRUPO SOCIALISTA: integrado por nove (9) deputados/as do PSdeG.-PSOE, que designan como voceiro a don Rafael Rodríguez Villarino e como voceiras adxuntas a dona Elvira Lama Fernández e dona Margarita Pérez Fernández

GRUPO DE DEMOCRACIA ORENSANA: integrado por dous (2) deputados de Democracia Orensana, que designan voceiro a D. José Miguel Caride Domínguez e como suplente a D. Armando Ojea Bouzo.

GRUPO DO BNG: integrado por un (1) deputado, que designa voceiro a D. Bernardo Varela López.

GRUPO DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA: integrado por unha (1) deputada, que designa voceira a dona Montserrat Lama Novoa.

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA RELATIVAS A NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTES E DELEGACIÓNS EN DEPUTADOS PROVINCIAIS.-

Dáse conta das seguintes resolucións da Presidencia:

“Nomeamento de membros da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense ao inicio do mandato 2019 – 2023

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno é un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais.

Ao respecto, o artigo 35.1 da dita lei especifica que a Xunta de Goberno se integra pola Presidencia e un número de deputados e deputadas que non exceda dun terzo do número legal de membros da Corporación.

Dado que o número legal de membros da Deputación Provincial de Ourense é de vinte e cinco, a Xunta de Goberno estará integrada pola Presidencia e un máximo de oito deputados ou deputadas.

A designación dos membros da Xunta de Goberno correspóndelle á Presidencia, efectuando a dita designación libremente e dando conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar. Ademais, e de conformidade co establecido no artigo 72.4 en relación 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o nomeamento dos membros da Xunta debe ser obxecto de notificación persoal aos interesados e publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da súa sinatura, agás que na resolución se dispoña outra cousa.

Polo exposto, dispoño:

Nomear como membros da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense aos seguintes deputados e deputadas:

- Don Rosendo Luís Fernández Fernández

- Don Jorge Pumar Tesouro

- Don Plácido Álvarez Dobaño

- Don Armando Ojea Bouzo
- Dona Ana María Villarino Pardo
- Dona Luz Doporto Real
- Don Pablo Pérez Pérez
- Don César Manuel Fernández Gil

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal aos interesados, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución”.

“Nomeamento do vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Ourense ao inicio do mandato 2019 – 2023

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da dita lei, correspóndelle á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno. Debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No día da data, don Rosendo Luis Fernández Fernández foi designado membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeado vicepresidente da Deputación.

Polo exposto, dispoño:

Nomear vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Rosendo Luis Fernández Fernández.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución”.

“Nomeamento de don Jorge Pumar Tesouro como vicepresidente segundo da Deputación Provincial de Ourense”.

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da dita lei, correspóndelle á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno. Debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No día da data, don Jorge Pumar Tesouro foi designado membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeado vicepresidente da Deputación.

Polo exposto, dispoño:

Nomear vicepresidente segundo da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Jorge Pumar Tesouro.

O dito cargo exercerase en réxime de dedicación exclusiva, conforme ao disposto na base 67ª dos vixentes orzamentos provinciais.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución”.

“Cese de don Jorge Pumar Tesouro como vicepresidente 2º da Deputación Provincial de Ourense no mandato 2019 – 2023

Con data 28 de xuño de 2019 designouse a don Jorge Pumar Tesouro como vicepresidente 2º desta Deputación Provincial, en réxime de dedicación exclusiva.

Con data 5 de xullo de 2019 don Jorge Pumar Tesouro comunicou que con efectos do día 6 de xullo comezaría a exercer o cargo de 1º tenente da Alcaldía de Ourense en réxime de dedicación exclusiva, renunciando polo tanto á dedicación exclusiva como vicepresidente 2º da Deputación Provincial.

Polo exposto, DISPOÑO:

Declarar o cese de don Jorge Pumar Tesouro como vicepresidente 2º da Deputación Provincial de Ourense, agradecéndolle os servizos prestados.

A presente resolución terá efectos a partir do 11 de xullo de 2019, sen prexuízo da notificación ao interesado e da preceptiva dación de conta ao Pleno e publicación desta resolución no BOP”.

“Nomeamento de don Armando Ojea Bouzo como vicepresidente 2º da Deputación Provincial de Ourense en réxime de dedicación exclusiva.

No día da data acordouse declarar o cesamento de don Jorge Pumar Tesouro como vicepresidente 2º da Corporación, con efectos do día 11 de xullo de 2019, sendo necesario proceder á designación dun novo vicepresidente 2º de entre os membros da Xunta de Goberno.

Polo exposto, DISPOÑO:

Nomear ao deputado provincial don Armando Ojea Bouzo vicepresidente 2º da Deputación Provincial de Ourense.

O dito cargo exercerase en réxime de dedicación exclusiva, conforme co previsto na base 67ª das de execución do orzamento vixente.

O presente nomeamento producirá efectos a partir do día 11 de xullo de 2019, sen prexuízo da súa notificación ao interesado, da súa publicación no BOP e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que celebre”.

“Nomeamento de don Plácido Álvarez Dobaño como vicepresidente 3º da Deputación Provincial de Ourense no mandato 2019 – 2023.

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da dita lei, correspóndelle á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno, debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Con data 28 de xuño de 2019, don Plácido Álvarez Dobaño foi designado membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeado vicepresidente da Deputación.

Aínda que a Deputación Provincial de Ourense consta xa con dous vicepresidentes, estímase conveniente designar un terceiro vicepresidente, co fin de complementar a organización do goberno provincial, reforzando a garantía do desempeño permanente das funcións de presidencia no caso de ausencias do seu titular.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Nomear vicepresidente terceiro da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que realice, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución”.

“Delegación de atribucións da Presidencia en deputados de área e delegacións especiais no mandato 2019 – 2023

Unha vez iniciado o mandato 2019 – 2023 da Deputación Provincial de Ourense, e logo de que se procedese á designación da Xunta de Goberno e dos seus vicepresidentes, resulta necesario, por razóns de eficacia, organizar a distribución de responsabilidades entre os membros do equipo de goberno, mediante a delegación do exercicio das atribucións da

Presidencia, establecendo as oportunas delegacións de área a desempeñar por integrantes da Xunta de Goberno, e sen prexuízo da concesión de delegacións especiais a deputados ou deputadas que non formen parte da dita Xunta.

Polo exposto, DISPOÑO:

Delegar nos deputados que se mencionan as seguintes áreas de responsabilidade, que se transcriben a continuación:

1º) Delegación de área a favor de membros da Xunta de Goberno: deléganse nos membros da Xunta de Goberno que se indican de seguido as funcións de xestión política das áreas de acción que se sinalan en cada caso:

- D. Rosendo Luís Fernández Fernández na área de Economía e Facenda.
- D. Plácido Álvarez Dobaño, na área de Transparencia e Administración Provincial.
- D. Pablo Pérez Pérez, na área de Cooperación.
- D.^a Ana María Villarino Pardo, na área de Termalismo.
- D César Manuel Fernández Gil, na área de Universidades e Formación Profesional.
- D.^a Luz Doporto Real, na área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais.
- D. Armando Ojea Bouzo, nas áreas de Dinamización do Medio Rural e Teatro Principal e Centro Cultural Provincial *Marcos Valcárcel*.
- Don Jorge Pumar Tesouro, na área de Turismo e Innovación.

A delegación comprende o estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato nas áreas respectivas, así como a dirección operativa do persoal das unidades administrativas correspondentes, sen prexuízo das facultades reservadas á Dirección Xeral de Recursos Humanos, ao deputado – delegado de Administración Provincial e á Presidencia en materia de xestión de recursos humanos.

Nas delegacións conferidas non se inclúe a facultade de ditar actos administrativos con efectos fronte terceiros, agás nos seguintes supostos:

A.- D. Rosendo Luís Fernández Fernández, como **deputado delegado da área de Economía e Facenda**, exercerá as seguintes atribucións propias da Presidencia:

- a) O recoñecemento e liquidación de obrigacións de carácter contractual.
- b) A ordenación de pagos de obrigacións recoñecidas previamente.
- c) A facultade de ditar todos os actos administrativos fronte terceiros en materia de xestión tributaria e recadación que correspondan a esta Deputación, tanto respecto dos seus tributos propios como dos tributos municipais delegados na Deputación. Exceptúanse do ámbito desta delegación aqueles actos de recadación que lle correspondan ao tesoureiro da Deputación Provincial.
- d) A incoación e resolución de procedementos sancionadores en materia tributaria.
- e) Os actos de incoación, trámite e resolución que lle correspondan á Presidencia en todo tipo de procedementos relativos a subvencións, agás no caso das subvencións e programas de cooperación tramitados pola Área de Benestar, que corresponderán á deputada – delegada da Área de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

B.- D. Plácido Álvarez Dobaño, como **deputado delegado da área de Administración Provincial**, exercerá as seguintes atribucións propias da Presidencia:

- a) A resolución de solicitudes de execución de obras, plantacións, e outras actuacións suxeitas a autorización previa, nas zonas de dominio público, servidume e afección das estradas de titularidade provincial.
- b) A incoación e resolución de procedementos sancionadores por infraccións ao disposto na lexislación de uso e defensa das estradas provinciais.
- c) A resolución das solicitudes de devolución de garantías constituídas para a execución de obras ou outras actuacións en zonas de dominio público, servidume ou afección das estradas provinciais.
- d) A incoación e resolución de procedementos de reclamacións de responsabilidade patrimonial a terceiros por danos nas estradas de titularidade provincial.

e) A resolución de solicitudes de autorización de cortes de tráfico en estradas de titularidade provincial.

f) A resolución de solicitudes de permisos de circulación de vehículos por estradas provinciais.

g) A adopción dos seguintes actos de trámite nas obras executadas pola Deputación Provincial, tanto por contrata como por administración, así como os relativos a cortes de tráfico de estradas:

- Actas de aprobación do plan de seguridade e saúde.
- Actas de nomeamento da persoa que asume as funcións do recurso preventivo das obras que sexan por administración.
- Comunicacions á autoridade laboral de apertura de centros de traballo das obras que sexan por administración.
- Comunicacions á Xunta de Galicia de apertura de centros de traballo.
- Actas de aprobación da avaliación de riscos (plan de prevención) de obras sen proxecto.
- Autorizacións de gasto para a publicación en medios de comunicación social de anuncios de cortes de estradas. Non obstante, a sinatura dos anuncios corresponderalle á Presidencia.

h) Os actos de trámite e resolución de expedientes en materia de xestión de recursos humanos, agás os seguintes:

- Os actos relativos á oferta de emprego público.
- Os actos relativos aos procedementos de selección de persoal e provisión de postos de traballo.
- Os actos relativos a procedementos disciplinarios.
- Os actos relativos á negociación colectiva que non lle correspondan ao Pleno.

C.- Don Pablo Pérez Pérez, como deputado delegado da área de Cooperación, exercerá as seguintes atribucións da Presidencia:

a) A representación da Deputación Provincial nas comisións de seguimento dos convenios, plans ou programas de cooperación entre a Deputación Provincial e o resto de entidades locais da provincia, incluíndo as facultades propias da Presidencia da dita comisión cando lle corresponda á Deputación, agás nos casos nos que, pola especificidade da materia, esta función se delegue expresamente noutro deputado delegado.

b) Os actos de execución dos convenios, plans ou programas de cooperación e/ou asistencia a municipios e outras entidades locais da provincia, agás os que correspondan ao deputado delegado de facenda ou ao deputado delegado de administración provincial en materia de xestión económica e de recursos humanos, e os que lle correspondan á Presidencia en materia de recursos humanos.

Exceptúanse, igualmente, os actos de execución de convenios, plans ou programas que especificamente se deleguen noutros deputados – delegados.

c) O exercicio das atribucións que lle correspondan á Presidencia para a realización das funcións delegadas polos concellos na Deputación Provincial en materia de medio ambiente, limpeza viaria e xestión de servizos municipais, incluíndo en todo caso os seguintes:

- Os actos de tramitación e resolución de permisos especiais de vertido (incluíndo, ademais, os procedementos de concesión dos ditos permisos, os procedementos de adopción de medidas correctoras das actividades autorizadas, os procedementos de modificación e declaración de caducidade dos permisos).

- A incoación e resolución de expedientes sancionadores en materia de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e vertido de augas residuais.

- A tramitación e resolución dos procedementos de retirada de vehículos estacionados na vía pública.

d) O exercicio das facultades para ditar todos os actos administrativos, tanto de trámite como resolutorios, que lle corresponden a esta Presidencia nos expedientes de expropiación

forzosa tramitados por esta Deputación Provincial, tanto da propia Deputación ou dos seus entes vinculados ou dependentes, como os das entidades locais da provincia que se tramiten por delegación. Exceptúase da delegación a ordenación dos pagos derivados das expropiación, que se realizara polo deputado – delegado de Facenda.

e) O exercicio das facultades da representación da Deputación Provincial na Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras, incluída a súa presidencia.

f) A representación da Presidencia da Deputación Provincial no Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

D) Dona Luz Doporto Real, como deputada delegada da Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais exercerá as seguintes atribucións propias da Presidencia:

a) A incoación, de se – lo caso, e a resolución dos procedementos de declaración de usuarios do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria nas situacións de alta, espera de alta, baixa ou suspensión do servizo, así como as resolucións de denegación do acceso ao servizo ou da súa extinción.

b) Os actos de incoación, trámite e resolución que lle correspondan á Presidencia en todo tipo de procedementos relativos ás subvencións e convenios ou programas de cooperación tramitados pola Área de Benestar, incluíndo os actos de xestión económica que se diten neses procedementos (agás os de ordenación de pagos) e o exercicio da representación da Deputación Provincial nas comisións de seguimento ou órganos análogos relativos aos convenios, plans ou programas de cooperación nesta materia.

E) Don Armando Ojea Bouzo, como deputado delegado da área do Teatro Principal e do Centro Cultural Marcos Valcárcel:

a) A adxudicación e formalización dos contratos privados relativos á celebración de concertos, representacións teatrais e demais de contido artístico que se celebren no Teatro Principal, tanto dos contratados a *caché* como dos verificados mediante alugueiro do edificios.

b) A cesión temporal de uso das dependencias do Teatro Principal e do Centro Cultural Provincial Marcos Valcárcel a entidades públicas e entidades privadas de interese público para fins que redunden en beneficio da provincia.

F) Don Armando Ojea Bouzo, como deputado delegado da área de Dinamización do Medio Rural:

a) A representación da Deputación Provincial nas comisións de seguimento dos convenios, plans ou programas de cooperación entre a Deputación Provincial e o resto de entidades locais da provincia relativos á Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, incluíndo as facultades propias da Presidencia da dita comisión cando lle corresponda á Deputación.

b) Os actos de execución dos convenios, plans ou programas de cooperación entre a Deputación Provincial e o resto de entidades locais da provincia relativos á Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, agás os que correspondan ao deputado delegado de facenda ou ao deputado delegado de administración provincial en materia de xestión económica e de recursos humanos, respectivamente, e os que lle correspondan á Presidencia en materia de recursos humanos.

As delegacións especificadas nos apartados A, B, C, D, E e F anteriores, inclúen en todos os supostos a facultade de resolución dos recursos ou reclamacións que se interpoñan en vía administrativa.

2º.- Delegacións especiais a favor de deputados e deputadas non integrados na Xunta de Goberno:

Confírense, ao abeiro do artigo 63.4 do ROF, as seguintes delegacións especiais, a favor de deputados non integrados na Xunta de Goberno, para a dirección e xestión política dos asuntos determinados que se indican en cada caso:

a) D.^a María Consuelo Vispo Seara, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de infraestruturas.

b) D. Miguel Antonio Cid Álvarez, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de enerxía e medio ambiente.

c) Dona Ana Patricia Torres Madureira, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de cultura.

d) Don Álvaro José Fernández López, estudo e proposta de accións para realizar durante o vixente mandato en materia de deportes e mocidade.

No exercicio das súas funcións, os deputados con delegación especial poderán requirir o acceso á información dispoñible na Corporación e a colaboración e apoio técnico do persoal das unidades administrativas correspondentes.

3º.- O exercicio das atribucións delegadas levarase a cabo con estrita suxeición á normativa vixente.

4º.- As delegacións conferidas producirán efectos a partir do día seguinte ao da sinatura da presente resolución, sen prexuízo da súa notificación aos interesados, da preceptiva publicación no BOP e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar”.

E, ás 12.25 horas do citado día dezaseis de xullo do ano dous mil dezanove, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.